

## CARPINTEIRO

### 1. DATOS BÁSICOS SOBRE O OFICIO

#### 1. Nomenclatura do oficio

Carpinteiro

#### 2. Outras denominacións

Ebanista

#### 3. Outras ocupacións do sector

Carpinteiro armar, de taller, de ribeira..., cubeiros, fragueiros, rodeiros, cesteiros, torneiros, tallistas, marqueteiro, restarurador, vernizador, dourador, modelista, taraceador, maquetista, almadreñeiro, imaxineiro,...

#### 4. Área ou sector ao que pertence

Madeira

#### 5. Adscrición á clasificación CNAE

16.2 Fabricación de produtos de madeira, cortiza, cestería e espartería.

31.0 Fabricación de mobles

#### 6. Descrición sintética do oficio artesán

O carpinteiro elabora, monta e repara portas, fiestras e realiza revestimentos de paredes e teitos, escaleiras e constrúe mobiliario propio de carpintería a medida, no taller ou «in situ». Tamén coloca tarimas e parqués e fai estruturas para teitos, atendendo á información técnica ou instrucións recibidas. Outros dos apartados nos que se pode ubicar o carpinteiro son os da restauración de mobles ou a construción de varios elementos coma pezas artesanais, apeiros de labranza, cubetos de viño, etc. Por último, dependendo da dimensión organizativa da empresa pode realizar presupostos, seleccionando para elo, previamente as materias primas necesarias.

#### 7. Principais funcións que desenvolve

- ◆ Colocación de tarimas e parqués e estruturas para teitos
- ◆ Construción de mobiliario de carpintería á medida
- ◆ Elabora diferentes elementos coma apeiros de labranza, cubetos de viño, etc.

- ◆ Elaboración, montaxe e reparación de portas e fiestras
- ◆ Realiza a restauración de mobles
- ◆ Revestimento de paredes, teitos e escaleiras
- ◆ Selección de madeiras adecuadas á peza a realizar (dependendo desta poderán ser verdes ou secas)
- ◆ Acabado de pezas con vernices, lacas, ceras, ou outros tratamentos

## 2. DATOS SOBRE O PROCESO PRODUTIVO DA ACTIVIDADE

### 1. Fases do proceso

#### 1. Fase I. Deseño da peza

- ◆ Nesta fase conceptualízanse os aspectos artísticos, técnicos e funcionais do produto a crear, baseándose no coñecemento das tendencias do proceso produtivo, a través da realización dun bosquexo da peza. A partir do bosquexo débúxase un plano a escala do obxecto.
- ◆ Os útiles e equipamentos utilizados son: materiais propios de debuxo e deseño (lápices, pinceis, cartóns, pinturas), material de medición.
- ◆ Postos de traballo que se asocian: deseñador, debuxante-delineante.

#### 2. Fase II. Preparación da materia prima

- ◆ Nesta fase procédese á obtención e selección das madeiras a utilizar segundo o deseño da peza. Unha vez seleccionada, prepárase para o seu uso. A madeira é aserrada adecuando os taboleiros ou táboas á medida do bosquexo. Cepíllase a madeira e regrosase. Unha vez preparada trázase sobre a madeira as medidas do bosquexo. Nesta fase obtense a madeira co trazado das medidas da peza a realizar.
- ◆ Os útiles e equipamentos utilizados son: serras, cepilladora, regrosadora, tupí
- ◆ Postos de traballo que se asocian: serrador, auxiliar de serrado.

#### 3. Fase III. Conformación da peza

- ◆ Nesta fase o produto de entrada son os taboleiros, táboas de madeira serrados, cepillados e regrosados, marcados coa medida do bosquexo. Nun primeiro momento realízase o traballo de decorado e configuración dos elementos do moble a través do tallado da madeira segundo o deseño, moldeado, torneado de pezas ou incorporación de elementos

de marquetería.

- ◆ O seguinte paso é a montaxe e ensamblaxe do moble. Para isto, realízase o ingletado, o prensado de lazos espargados e o escopleado. Feito isto, realízase a montaxe do moble mediante o ensamblaxe das pezas por cola de milano ou mediante prensas de armar. O produto de saída é o moble configurado e armado.
- ◆ Os útiles ou equipamentos utilizados son: torno, ingletadora, lixadora, prensa de armar, gubias, martelos, mazos.
- ◆ Postos de traballo que se asocian: ebanista, carpinteiro, auxiliar de carpinteiro.


#### 4. Fase IV. Acabado da peza

- ◆ Nesta fase incorpóraselle ao moble os elementos secundarios que forman partes del como son a ferraxe, as molduras ou os caixóns. Feito isto, procédese ao tratamento das superficies co obxecto de obter o acabado desexado. Para isto, o moble é obxecto de diferentes técnicas como o lixado e posterior encerado a brocha ou vernizado, o tapizado ou o dourado.
- ◆ Os útiles ou equipamentos utilizados son: lixadora, brochas, pistola de vernizar e lacar, pulidora, peloponesa, martelo, pistola de aire, grapas, clavos, tesoiras.
- ◆ Postos de traballo que se asocian: vernizador, dourador, tapiceiro.

#### 5. Fase IV. Control da calidade

- ◆ Neste proceso diferéncianse dous momentos. O primeiro control realízase sobre a materia prima unha vez que foi obxecto de transformación co fin de comprobar o seu estado correcto e apto para a súa utilización. O segundo efectuarase sobre a peza xa rematada e decorada co fin de detectar pezas defectuosas tanto na súa configuración, como acabado, adxudicando finalmente calidades ao produto final. O produto xa está listo para a súa venta directa ou transporte ao punto de venta.
- ◆ Os útiles ou equipamentos utilizados son: instrumentos de verificación e control.
- ◆ Postos de traballo que se asocian: técnico de calidade.

## 2. Síntese do proceso



### **3. Técnicas utilizadas**

- Non se sinalan técnicas específicas

### **4. Instrumentos de traballo**

#### **1. Útiles e ferramentas**

- Berbequí
- Cepillo
- Cepillo de media cana
- Cepillo de moldura
- Cepillo de volta
- Cepillo acanalador
- Coitela de fío oblicuo
- Coitela de punta de lanza
- Coitela de punta plana
- Coitela de punta redonda
- Coitelo
- Colas de milano
- Compás
- Compás de vara
- Desparafusadores
- Encoladora de cantís
- Escuadra
- Formón
- Fresa partidora
- Garlopín
- Gramil
- Gubia
- Llerga
- Macetas
- Martelos
- Pedra de afiar
- Pinceis
- Plantillas
- Rebate (Rebaixador)

- Rebocador
- Roda de pulir
- Serra
- Trade
- Trencha
- Tronzador

## **2. Equipos e máquinas**

- Cepilladora
- Cepillo portátil
- Compresor
- Escopleadora
- Escuadradora
- Fresadora
- Frezadora de lazos
- Grampadora pneumática
- Ingletadora
- Lixadora de banda
- Lixadora de disco
- Lixadora portátil
- Pistola de clavixar
- Regrosadora
- Serra circular
- Serra de cinta
- Serra de aire
- Trade múltiple
- Trade portátil
- Tupí

## **5. Contorna de traballo**

### **1. Lugar e espazo de traballo**

O espazo habitual de traballo son os talleres artesáns, se ben tamén pode traballar directamente en obra.

## 2. Ambiente e condicións de traballo

O traballo pode darse en condicións atmosféricas de exterior e interior. Soe darse en atmósferas viciadas.

## 3. RECURSOS NATURAIS UTILIZADOS

### 1. Descrición dos recursos. Localización Xeográfica. Proceso de obtención.

- Madeiras autóctonas: freixo, pradairo, bidueiro, nogueira, cerdeira, castiñeiro, buxo, teixo, pereira, maceira. Estes recursos atópanse no territorio sen localización específica. O método de obtención é mediante corta directa ou compra a almacén.
- Estes artesáns coñecen en que momento debe cortase a madeira, tendo en conta as estacións do ano e as fases da lúa. Para realizar os seus traballos empregan especies autóctonas:
  - O *carballo* de madeira dura, fácil de traballar e de gran resistencia.
  - O *castiñeiro*, de madeira máis dura, boa para traballar pezas para o exterior.
  - O *pino*, nesta zona emprégase sobre todo o pino albar ou silvestre, moi resistente pero podre con facilidade, por esta razón os nosos artesáns o empregan para pezas de interior.
  - O *Teixo*, conífera propia das nosas zonas montañosas e húmidas. De madeira moi dura, de grao fino e apertado, moi boa para ebanistería e talla.
- Madeiras alóctonas: son madeiras exóticas coma o elondo, sapelli, xatova, iroco, arce, ébano, granadillo, cocobolo, pekia, etc. Son de países tropicais e a súa obtención é mediante compra en almacéns especializados.

## 4. PRODUTOS FINAIS

### 1. Principais tipos de produtos que realizan

- Carpintería de obra. Premarcos, rastreles,...
- Acabados de carpintería. Pisos, fiestras, portas,
- Moble

## 5. OBSERVACIÓNS DO OFICIO

Non se contemplan

6. DIAGRAMACIÓN DO PROCESO PRODUTIVO

